



**REDE DE  
TÉCNICOS  
DE EMPREGO  
DE GALICIA**

Praza do Concello s/n  
27640-Becerreá  
Tel.: 982360004  
Fax: 982360518  
www.concellodebecerreá.com  
emprego.desenvolvementolocal@concellodebecerreá.com



CONCELLO DE BECERREÁ

## Concello de Becerreá

### Obradoiro de Emprego San Xoán III

**Data de inicio**

Decembro de 2007

**Data de finalización**

Decembro de 2008

**Número de alumnos/as**

26

**Especialidades**

Albanaría  
Carpintaría de madeira  
Axuda no fogar

**Actuacións principais**

Acondicionamento antigas escolas unitarias de Armesto, Vilouta, Eixibrón e Quintá para a súa utilización como centros socioculturais.

**Ente promotor**

Concello de Becerreá

**Enderezo**

Rúa Anovello, s/n  
27640 Becerreá.

**Teléfono**

982 360 257

**Fax**

982 360 257

**Directora**

Ana Belén Mera Arias



**REDE DE  
TÉCNICOS  
DE EMPREGO  
DE GALICIA**

Praza do Concello s/n  
27640-Becerreá  
Tel.: 982360004  
Fax: 982360518  
www.concellodebecerreá.com  
emprego.desenvolvementolocal@concellodebecerreá.com



O Obradoiro de Emprego "San Xoán III", promovido polo Concello de Becerreá coa subvención da Consellería de Traballo e cofinanciado pola Unión Europea, a través do Fondo Social Europeo, inicia as súas actividades en decembro de 2007, cunha duración de doce meses e cun total de vinte e seis alumnos/as traballadores/as distribuídos en tres módulos; preténdese a rehabilitación de antigas escolas unitarias en diversas parroquias para a súa utilización como centros culturais. Durante a execución destas obras, ademais de dotar de instalacións para diversas actividades o máis próximas posible ás concentracións poboacionais no municipio, o alumnado traballador adquiren formación

teórica e práctica para o desenvolvemento de actividades de albanería e carpintaría de madeira, garantindo así a súa incorporación ao mercado de traballo ao remate do obradoiro de emprego. As alumnas traballadoras do módulo de axuda no fogar prestan atención social a persoas dependentes no municipio, despois dunha valoración e determinación de tarefas executada polos servizos sociais do concello.

Para o desenvolvemento do obradoiro de emprego, éste conta cunha directora, unha administrativa e tres monitores de albanería, carpintaría de madeira e axuda no fogar, que realizan as xestións,



**REDE DE  
TÉCNICOS  
DE EMPREGO  
DE GALICIA**

Praza do Concello s/n  
27640-Becerreá  
Tel.: 982360004  
Fax: 982360518  
www.concellodebecerreá.com  
emprego.desenvolvementolocal@concellodebecerreá.com



posta en funcionamento, clausura das actividades, formación teórica, práctica e complementaria en materia de emprego, informática, prevención de riscos laborais e formación académica obrigatoria.

**Obxectos de actuación:**

As actuacións proxectadas pretenden o acondicionamento de edificacións existentes para centros socioculturais, proporcionando locais para reunións veciñais, cursos, charlas, etc.

As unidades de obra que se executan son, basicamente: execución de muros de con-

tención de mampostaría; impermeabilizacións, soleiras e drenaxes; reparación de cerramentos de mampostería ou cerámicos; limpeza, picado e rexuntado de paramentos de mampostería; limpeza, reparación ou substitución de cubertas con estrutura de madeira e cobertura de lousa; demolición de particións existentes; construción de tabiques de fábrica de ladrillo para delimitación de espazos; instalacións de electricidade, fontanaría, saneamento e depuración; carpintaría metálica e de madeira; pavimentación con pedra ou materiais cerámicos; formación de aseos, alicatado e colocación de apare-



Ilos sanitarios e revestimentos con morteiro e acabados en pintura.

As tarefas que desenvolven as alumnas do módulo de axuda no fogar son as de: hixiene persoal do dependente, coidado da alimentación, contribuír á mobilidade e mantemento físico do asistido, atención social do dependente, diálogo, compañía,

acompañamento social, xestións da vida cotiá e apoio na realización de tarefas domésticas.

#### **Formación complementaria:**

Ademais da formación teórica e práctica nos diferentes módulos, os alumnos/as traballadores/as que non posúen o título de educación secundaria obrigatoria contan con clases de apoio para a súa obtención. Impártese ademais formación básica en xestión empresarial, autoemprego, técnicas de busca de emprego iniciación á informática, prevención de riscos laborais, sensibilización ambiental, igualdade de xénero e primeiros auxilios.

En todo momento o equipo directivo e docente orienta as distintas actividades formativas a potenciar e apoiar os participantes cara á súa inserción no mercado laboral, xa sexa achegándoos ás empresas que os poidan demandar como proporcionándolles información sobre saídas profesionais e outras cuestións de índole laboral.